

Dirección Xeral de Formación Profesional

Admisión Formación Profesional 2022-2023 - Probas libres

Información para centros

Recomendacións sobre os requisitos de acceso

Índice

1	Introdución.....	3
2	Consideracións xerais.....	3
3	Pautas para a xustificación dos requisitos de acceso.....	3
	3.1 Requisitos que só dan acceso a grao medio.....	3
	3.1.1 Título da ESO.....	3
	3.1.2 2º curso de bacharelato unificado e polivalente (BUP).....	4
	3.1.3 Título de técnico auxiliar (FP I).....	4
	3.1.4 Título de FP básica.....	4
	3.2 Acceso a grao superior e a grao medio.....	4
	3.2.1 COU/PREU/Bacharelato.....	4
	3.2.2 Título de BUP.....	5
	3.2.3 Título de técnico de formación profesional.....	5
	3.2.4 Título de técnico en ensinanzas de artes plásticas e deseño.....	5
	3.2.5 Título de técnico especialista (FP II).....	5
	3.2.6 Título de técnico superior de formación profesional.....	5
	3.2.7 Título superior de música e danza.....	6
	3.2.8 Títulos superiores de arte dramático.....	6
	3.2.9 Titulacións universitarias.....	6
	3.2.10 Probas de acceso á universidade para maiores de 25 anos.....	7
	3.2.11 Probas de acceso a ciclos formativos de grao superior de FP.....	7
	3.3 Erros frecuentes.....	8

1 Introducción

Neste documento preténdese dar unhas breves indicacións dos requisitos que ten que reunir a documentación que é necesario achegar por algúns solicitantes no proceso de admisión a ciclos formativos de FP.

2 Consideracións xerais

- Lembren que debe de existir unha coincidencia completa entre os datos persoais da documentación a presentar e os do documento oficial de identidade (DOI). En caso contrario, a certificación académica, o título ou outra documentación carecen de validez. Nos casos en que houberse cambio do documento de identidade deberase solicitar certificado do rexistro civil ou da policía que acredite o cambio de identidade.
- Con carácter xeral, as **certificacións deben estar asinadas por persoal funcionario da administración** correspondente, só no caso de títulos da ESO e FP básica de Galicia poden estar asinados pola dirección dos centros privados.
- Todas as **certificacións de titulacións deben facer constar o pagamento das taxas do título**, excepto para a ESO e para FP básica que non teñen taxas por seren ensinanzas obrigatorias.
- O documento xustificativo de **participar nas probas de acceso á universidade non é válido** para certificar o bacharelato, BUP/COU ou PREU.
- **Ter o BUP superado permite o acceso a ciclos de grao superior** segundo a Orde EFP/1210/2021 do 2 de novembro.
- O libro de escolaridade serve como certificación de requisitos académicos, sempre e cando aparezan todas as follas e haxa constancia do pagamento das taxas do título correspondente.
- **Non é posible a inscrición condicional a través do proceso de homologación de estudos estranxeiros** (Resolución do 22 de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2022/23).

3 Pautas para a xustificación dos requisitos de acceso

3.1 Requisitos que só dan acceso a grao medio

3.1.1 Título da ESO

- No caso do réxime ordinario, a persoa interesada deberá xustificar o acceso cunha certificación académica que permita poder calcular a nota media de 4º da ESO. En caso de aportar só o título empregárase un 5,00. Só é necesario achegar esta documentación cando a titulación se obtivera fóra de Galicia.
- Cando os estudos da ESO sexan de fóra da comunidade galega, a certificación deberá ser dun centro público. En caso contrario, deberá vir avalada por persoal funcionario pertencente á administración educativa competente.

- En réxime ordinario, a nota de acceso que se emprega no proceso de admisión a ciclos é a media de 4º da ESO sen relixión ou alternativa.

3.1.2 2º curso de bacharelato unificado e polivalente (BUP)

- O acceso que debe indicarse é o de 2º de BUP e nunca o da ESO, aínda que a normativa establece unha equivalencia académica de 2º de BUP e a ESO.
- Para ter a equivalencia entre 2º de BUP e a ESO non pode haber máis de dúas materias suspensas entre 1º e 2º de BUP. Só serán válidos certificados que indiquen detalladamente as notas de 1º e 2º de BUP ou certifiquen que superaron todas as materias de primeiro e segundo.
- En réxime ordinario, deberá achegarse certificación coas notas de 1º e 2º de BUP para poder realizar o cálculo da nota de acceso. Toda a documentación achegada deberá ser emitida por un centro público ou estar certificada por persoal funcionario pertencente á administración educativa competente.

3.1.3 Título de técnico auxiliar (FP I)

- Estes títulos son equivalentes a títulos de grao medio a efectos profesionais, pero non a efectos académicos, polo que **non dan acceso a ciclos formativos de grao superior**. No acceso ao grao medio debe marcarse na solicitude o acceso por técnico auxiliar ou FPI.
- En réxime ordinario, deberá achegarse certificación onde conste a obtención do título e o pago das taxas para a expedición do mesmo. Igualmente, entregarse a certificación coas notas para poder realizar o cálculo da nota de acceso. Toda a documentación achegada deberá ser emitida por un centro público ou estar certificada por persoal funcionario pertencente á administración educativa competente.
- O título de OFICIAL INDUSTRIAL equivale a TÉCNICO AUXILIAR segundo establece a Orde de 21/11/1975 sobre equivalencias de títulos de Formación Profesional.

3.1.4 Título de FP básica

- A normativa indica que as persoas que posúen o título da ESO e o título de FP básica deben participar no proceso de admisión co acceso polo título de FP básica.

3.2 Acceso a grao superior e a grao medio

3.2.1 COU/PREU/Bacharelato

- Bacharelato LOXSE/LOE/LOMCE: no caso de entregar certificacións académicas deberán constar nas mesmas o pagamento das taxas para a expedición do título.
- O Bacharelato superior da Lei do 26 de febreiro de 1953 sobre ordenación da ensinanza media non ten equivalencia co bacharelato actual, a non ser que veña acompañado de PREU ou COU. Ademais, debe ter pagadas as taxas do título de bacharelato superior.
- BUP máis COU: debe constar o pagamento das taxas para a expedición do título de BUP e que haxa constancia de cursar COU. Non é válido como documento xustificativo o xustificante das PAAU.
- En ningún caso o documento xustificativo de participar nas PAAU substitúe ás ensinanzas indicadas nos puntos anteriores.

- En réxime ordinario, deberá achegarse certificación onde conste a obtención do título e o pago das taxas para a expedición do mesmo. Igualmente, entregárase a certificación coas notas para poder realizar o cálculo da nota de acceso. Toda a documentación achegada deberá ser emitida por un centro público ou estar certificada por persoal funcionario pertencente á administración educativa competente.

3.2.2 Título de BUP

- Segundo a Orde EFP/1210/2021 do 2 de novembro, ter o BUP superado dá acceso a ciclos de grao superior, polo tanto, deberá achegarse ou o título ou a certificación coas notas para poder realizar o cálculo da nota de acceso. A documentación achegada deberá ser emitida por un centro público ou estar certificada por persoal funcionario pertencente á administración educativa competente.

3.2.3 Título de técnico de formación profesional

- As persoas con título de técnico de grao medio de formación profesional (LOXSE, LOE) teñen acceso a ciclos superiores.
- En réxime ordinario acceden polo grupo B, con preferencia para o acceso aos ciclos da mesma familia profesional.
- En réxime ordinario, deberá achegarse certificación onde conste a obtención do título e o pago das taxas para a expedición do mesmo. Igualmente, entregárase a certificación coas notas para poder realizar o cálculo da nota de acceso. Toda a documentación achegada deberá ser emitida por un centro público ou estar certificada por persoal funcionario pertencente á administración educativa competente.

3.2.4 Título de técnico en ensinanza de artes plásticas e deseño.

- Segundo o artigo 53 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, aquelas persoas que estean en posesión do título de técnico de artes plásticas e deseño poderán acceder aos ciclos formativos de formación profesional. Na comunidade autónoma galega tamén terán acceso aquelas persoas que teñan un título de técnico superior de artes plásticas e deseño.
- En réxime ordinario, deberá achegarse certificación onde conste a obtención do título e o pago das taxas para a expedición do mesmo. Igualmente, entregárase a certificación coas notas para poder realizar o cálculo da nota de acceso. Toda a documentación achegada deberá ser emitida por un centro público ou estar certificada por persoal funcionario pertencente á administración educativa competente.

3.2.5 Título de técnico especialista (FP II)

- Aínda que os títulos de FP II (técnico especialista) teñen unha equivalencia, tanto a efectos académicos como profesionais, cos títulos de técnico superior (LOXSE, LOE), deberá indicarse que o acceso é a través de FP II ou título de técnico/a especialista.
- En réxime ordinario, deberá achegarse certificación onde conste a obtención do título e o pago das taxas para a expedición do mesmo. Igualmente, entregárase a certificación coas notas para poder realizar o cálculo da nota de acceso. Toda a documentación achegada deberá ser emitida por un centro público ou estar certificada por persoal funcionario pertencente á administración educativa competente.

3.2.6 Título de técnico superior de formación profesional

- En réxime ordinario, deberá achegarse certificación onde conste a obtención do título e o pago das taxas para a expedición do mesmo. Igualmente, entregárase a certificación

coas notas para poder realizar o cálculo da nota de acceso. Toda a documentación achegada deberá ser emitida por un centro público ou estar certificada por persoal funcionario pertencente á administración educativa competente.

3.2.7 Título superior de música e danza

- Os estudos superiores de música e danza son equivalentes a un grao universitario.
- En réxime ordinario, deberá achegarse certificación onde conste a obtención do título e o pago das taxas para a expedición do mesmo. Igualmente, entregárase a certificación coas notas para poder realizar o cálculo da nota de acceso. Toda a documentación achegada deberá ser emitida por un centro público ou estar certificada por persoal funcionario pertencente á administración educativa competente.

3.2.8 Títulos superiores de arte dramático

- **Títulos de alumnado que comenzou os estudos antes de 1992.** Só é válido se teñen unha equivalencia concedida polo Ministerio no que conste que son equivalentes á unha licenciatura.
- **Títulos de alumnado que comenzou os estudos desde 1992 ata 2009.** O título equivale a unha licenciatura universitaria. Hai 5 especialidades:
 - Interpretación A
 - Interpretación B
 - Dirección de escena
 - Dramaturxia
 - Escenografía
- **Títulos de alumnado que comenzou os estudos desde 2010.** O título equivale a un grao universitario. Hai 3 especialidades:
 - Interpretación
 - Dirección de escena e Dramaturxia
 - Escenografía
- En réxime ordinario, deberá achegarse certificación onde conste a obtención do título e o pago das taxas para a expedición do mesmo. Igualmente, entregárase a certificación coas notas para poder realizar o cálculo da nota de acceso. Toda a documentación achegada deberá ser emitida por un centro público ou estar certificada por persoal funcionario pertencente á administración educativa competente.

3.2.9 Titulacións universitarias

- É válido calquera título **oficial** de universidade (grao, licenciatura, máster, diplomatura, doutoramento, etc.).
- Os denominados **títulos propios** de universidades públicas e privadas non son de carácter oficial e **non son válidos para o acceso ás ensinanzas de FP.**
- No caso da certificación académica sempre debe haber constancia do pagamento das taxas para a expedición do título correspondente.

- No documento denominado “suplemento europeo do título” non consta o pagamento das taxas correspondentes, polo tanto, non se pode aceptar para acreditar a obtención dun título universitario. Ademais, como suplemento, é un documento que debe estar sempre acompañado polo título.
- Os certificados de correspondencia onde se establece a equivalencia entre as titulacións universitarias oficiais co respectivo nivel do Marco Español das Cualificacións para a Educación Superior (MECES) e o respectivo nivel do Marco Europeo das Cualificacións (EQF) nos termos do artigo 27.2 do Real Decreto 967/2014, de 21 de novembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para a homologación e declaración de equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial e para a convalidación de estudos estranxeiros de educación superior, e o procedemento para determinar a correspondencia ós niveis do marco español de cualificacións para a educación superior dos títulos oficiais de Arquitecto, Enxeñeiro, Licenciado, Arquitecto Técnico, Enxeñeiro Técnico e Diplomado, serven como acreditativo do título aínda que non se achegue o propio título.
- Para o réxime ordinario debe terse en conta que:
 - O alumnado con titulación universitaria presentará certificación académica na que conste a nota media obtida segundo establece o Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo el territorio nacional.
 - En caso de non achegar certificación académica universitaria como se indica anteriormente, consignarase unha nota de 5,00.

3.2.10 **Probas de acceso á universidade para maiores de 25 anos**

- A documentación asinada polo “secretario/a do tribunal” non debe ser admitida, xa que é un boletín de notas sen carácter definitivo e con mero interese informativo.
- Debe presentarse unha certificación asinada polo reitorado da universidade onde conste unicamente que é a proba de maiores de 25 anos, se aparece 25/45, sen aclarar de cal se trata, non terá validez.
- As persoas que teñen acceso á universidade por acreditación da experiencia laboral non teñen acceso a ciclos formativos por esta vía.

3.2.11 **Probas de acceso a ciclos formativos de grao superior de FP**

- Na certificación da administración educativa competente deberán constar os ciclos formativos aos que dá acceso, que serán os únicos aos que se pode optar na solicitude.
- Debe prestarse atención ás probas de acceso doutras comunidades autónomas e comprobar que a idade do alumno/a no momento que fixo a proba, era de 19 anos ou os cumpría no ano de realización da mesma.

3.3 Erros frecuentes

- **Erros importantes** que levan a participar no acceso a un grao medio ou a un grao superior a persoas sen requisitos de acceso a FP:
 - Os títulos de técnico auxiliar (FP I) non dan acceso a ciclos superiores nin son equivalentes a ciclos medios LOXSE ou LOE a efectos académicos.
 - O títulos de bacharelato superior da Lei do 26 de febreiro de 1953 sobre ordenación da ensinanza media non dan acceso a ciclos superiores, nin son equivalentes a títulos de BUP.
 - Os títulos de FP básica non dan acceso a ciclos superiores.
 - Os documentos de probas de acceso á universidade de maiores de 25/45 non son válidos xa que non son certificados. Só se poden aceptar as certificacións reitorais de probas de acceso a maiores de 25 anos. As probas de acceso á universidade para maiores de 45 anos non dan acceso a ciclos de FP.
 - Os **títulos de técnico e técnico superior de ensinanzas deportivas** de réxime especial, **non dan acceso a ciclos formativos de FP**, xa sexan LOXSE ou LOE.
 - Os **títulos de ensinanzas superiores** de réxime especial **en ensinanzas artísticas son equivalentes a títulos de grao universitario ou a técnico/a superior de FP**.
 - Todos os títulos de grao medio de artes plásticas e deseño son equivalentes a títulos de Formación Profesional de grao medio.
 - Os **títulos universitarios propios non son títulos oficiais** e non teñen recoñecida ningunha equivalencia académica, polo que non son estudos que dean acceso a ciclos formativos de FP.
- Outros erros:
 - Debe prestarse atención á confusión entre os títulos de FP da Lei xeral de educación de 1970 e os títulos LOXSE e LOE, xa que é frecuente que se confundan títulos de FP II ou técnico especialista con títulos de técnico superior (xa sexan LOXSE ou LOE) ou viceversa. Nestes casos, debe prestarse atención á norma indicada en cada título.
 - A participación na proba de acceso á universidade (PAAU/ABAU) non xustifica ter o Bacharelato/COU/PREU realizado.
 - Todos os títulos da ESO e de bacharelato obtidos a partir do ano 2017 son títulos LOMCE.